

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
DO
DEPARTAMENTO DE INGLÉS

CURSO 2016-2017

I.E.S. N°1 - RIBEIRA

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN.(páx. 4)

a) Datos del centro

b) Profesorado

c) Grupos

d) Reparto

e) Material

f) Libros de texto

2. A) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS. (páx.7)

2. B) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE. (páx 8)

3. OBXECTIVOS.(páx. 11)

4. CONTIDOS E CONTIDOS MÍNIMOS. (páx.17)

5. TEMPORALIZACIÓN. (páx.44)

6. AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES (páx. 45)

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. (páx. 69)

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. (páx.71)

9. SISTEMA DE RECUPERACIÓN. (páx. 72)

10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (páx. 73)

11. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA (páx. 73)

12. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC (páx. 74)

13. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES.

(páx. 74)

a. CONTIDOS ESIXIBLES.

**b. PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DAS
MATERIAS PENDENTES.**

c. ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

**d. CRITERIOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES POLA
AVALIACIÓN CONTÍNUA.**

e. AVALIACIÓN PENDENTES.

f. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES

NO BACHARELATO

14. METODOLOXÍA DIDÁCTICA (páx. 76)

15. TEMAS TRANSVERSAIS. (páx. 77)

16. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS. (páx. 78)

17. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. (páx. 78)

18. CRITERIOS PARA AVALIAR A PROGRAMACIÓN. (páx. 80)

19. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA. (páx. 81)

20. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO. (páx. 81)

21. PROGRAMACIÓN DO PROGRAMA CUALE (Anexo)

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A).- CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E A SÚA CONTORNA

O I.E.S. Nº1 está situado na localidade de Ribeira, na provincia da Coruña. A situación xeográfica do municipio favorece algúns condicionantes, como é o feito de que a contorna achega gran variedade de recursos sanitarios, culturais, actividades deportivas e de lecer, servizos sociais, etc. Unha boa parte da poboación exerce a súa actividade ao redor da pesca, industrias e actividades afíns e no pequeno comercio.

No Centro impártense os seguintes ensinós:

- E.S.O.: 322 alumnos/as
- Bacharelato: 215 alumnos/as
- E.S.A.: 150 alumnos/as
- Bacharelato Adultos: 132 alumnos
- Alfabetización de Adultos: 20 alumnos

Organigrama.

A estrutura organizativa do Centro está constituída fundamentalmente por:

1. Órganos de Goberno

a) Colexiados

- Consello Escolar
- Claustro de Profesores

b) Unipersonales:

- Directora
- Xefa de Estudos de diurno/Xefe de Estudos de nocturno
- Vicedirectora
- Secretario

2. Outros Órganos:

- a) Tutores: 32
- b) Departamentos: 17
- c) Departamento de Orientación
- d) Xuntas de Avaliación
- e) Xunta de delegados de curso

A.a). CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

a) Profesorado

O Claustro de profesores está composto por un total de 74 profesores; 59 deles con destino definitivo.

A estabilidade laboral do profesorado é unha característica que define o Centro.

b) Familias

Neste centro as familias son fundamentalmente de clase traballadora, das que unha alta porcentaxe tanto os pais coma as nais traballan.

c) Alumnado

No que respecta aos alumnos con problemas de adaptación e aprendizaxe, aparecen tres grupos claramente diferenciados:

1. Alumnos con leves problemas de aprendizaxe.
2. Alumnos con serias dificultades de aprendizaxe. Son alumnos con diferentes problemas e baixo nivel de competencia curricular que esixen un tratamento específico na adquisición das habilidades instrumentais básicas.
3. Alumnos con problemas de adaptación social e escolar.

A.b). EQUIPAMENTO E SERVIZOS DO CENTRO

O IES nº 1 de Ribeira dispón dos seguintes recursos espaciais:

- Biblioteca, dotada de libros de consulta e lectura, con capacidade para unhas 70 persoas. Dispón dun Plan de Biblioteca con servizo de empréstamo durante o horario lectivo, con subscrición a revistas científicas e de lecer, prensa diaria, arquivo de películas e documentais, dicionarios... Consta, ademais, de ordenadores con conexión a Internet, para o seu emprego como ferramenta didáctica e PDAs para a xestión docente.

Está dividida en seccións: de traballo, de lectura, de andeis e de ordenadores.

- Distintas aulas dotadas con material específico como canóns, DVD, vídeo, pantallas, taboleiros, televisión, radiocasete, ordenador, internet...etc.

- Aula de informática equipadas con ordenadores con acceso a Internet.

- Aula de tecnoloxía equipada con ordenadores con acceso a Internet

- Aula de música.

- Laboratorios de : Física, Química e Ciencias Naturais.

-Aula de Debuxo Técnico e aula de Educación Plástica.

- Departamento de orientación: unha Orientadora e un PT encárgase de dar apoio no proceso de ensino-aprendizaxe, centrado na atención á diversidade, asesoramento e apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, orientación académica e profesional...

- Salón de actos cun aforo duns 80 persoas e dotado de canón, pantalla, vídeo, sistema de megafonía e equipo de música.

- Pavillón polideportivo.

- Servizo de reprografía e informática.

- Servizo de cafetería e máquina automática de café na sala do profesorado.

- O centro conta con accesibilidade de alumnado con minusvalías...etc.

- Dúas pistas polideportivas, patio, xardín e porche cuberto.

B)- DEPARTAMENTO DE INGLÉS

Xefe de Departamento : D^a Isabel Falque Estévez

Profesores:

- D^a Mercedes Rivas Romero
- D^a Isabel Peleteiro Fontdevila
- D^a Silveria Pérez Martínez
- D. Manuel Santiago Yáñez
- D^a Carmen Segade Gómez
- D. Javier Casamitjana Barrios

C).- CURSOS

- 1º, 2º,3º,4º de ESO tres grupos de cada nivel
- 3º PMAR un grupo,
- 1º BAC e 2ª BAC catro grupos diurno e dous nocturno de cada un.
- ESA catro grupos, Formación Profesional Básica, duas horas de pendentes e catro horas de conversa de1º e catro de 2º BAC.
- That´s English e CUALE catro grupos

D).- REPARTO

O reparto de grupos e a ditribución horaria fízose na reunión dos membros do departamento nas primeiras datas de setembro, segundo consta na acta da mesma.

E).- MATERIAL

- 5 Reproductores
- 2 Mini altavoces
- Bibliografía variada
- Diccionarios
- Ordenadores y DVDs comunes

F).-LIBROS DE TEXTO

- 1º ESO	English Plus 1	Oxford
-2º ESO	English Plus 2	Oxford
-3º ESO	English Plus 3	Oxford
-4º ESO	English Plus 4	Oxford
-1º Bachillerato	Contrast	Burlington

2. A) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.

A incorporación de competencias básicas ao Currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideren imprescindíbeis. Son aquelas competencias que debe desenvolver un mozo ou unha moza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no Currículo ten varias finalidades:

integrar as diferentes aprendizaxes, relacionar a aprendizaxe con distintos tipos de contidos e utilízalos de xeito efectivo cando resulten necesarios, e orientar o ensino para tomar decisións relativas ao proceso do ensino e da aprendizaxe.

Coas áreas e materias do Currículo alcánzanse os obxectivos educativos e adquirense as competencias básicas. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e á súa vez cada unha das competencias básicas alcanzase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
- Tratamento da información e competencia dixital
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal

A aprendizaxe da área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento das seguintes competencias básicas:

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en comunicación lingüística*, complementando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia de aprender a aprender* ao contribuír á mellora da capacidade comunicativa xeral. Por iso a aprendizaxe dunha lingua estranxeira debe incluír a reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias e recursos que os fan máis eficaces. Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia en tratamento da información e competencia dixital* ao utilizar a lingua estranxeira como unha posibilidade de comunicación tecnolóxica, creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia social e cidadá*, xa que coñecer unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades destas. Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas.

- Contribúe ao desenvolvemento da *competencia artística e cultural* se as producións lingüísticas que se utilizan conteñen un compoñente cultural.

En definitiva, no que respecta á competencia hai que dicir que a competencia lingüística é a que máis se vai a potenciar aínda que en cada unidade didáctica veránse outras que axudarán ó desenvolvemento do alumno.

2. B) CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Ó LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade OBRIGATORIA para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.

- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Senso de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

Imos expoñer os aspectos máis relevantes no noso proxecto, a expensas do que a práctica educativa diaria poida aconsellar en cada momento:

- **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ó desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

- **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e

funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

▪ **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ó incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro, entre outras.

▪ **Competencias sociais e cívicas**

As linguas non só serven ós falantes para comunicarse socialmente, senón que tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social na que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente ós demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase, polo tanto, dunha

competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura. Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

3. OBXECTIVOS XERAIS.

A finalidade primordial da lingua estranxeira, a igual que a nativa, é a de adquirir competencia comunicativa oral i escrita. Por conseguinte, tódolos obxectivos irán na procura da consecución de tal fin. Como obxectivos fundamentais podemos considerar os seguintes:

- Comprender e producir mensaxes orais i escritos básicos para unha comunicación normal, utilizando códigos verbais e non verbais, con un nivel lingüístico adecuado á idade e o curso.
- Crear hábitos de razoamiento mediante a autoavaliación e a autocorrección, de maneira que o alumno reflexione sobre os seus propios erros.
- Capacitar ó alumno para que poida reflexionar sobre o aprendido e xeralizar sobre o funcionamento e os mecanismos da lingua estranxeira.
- Que o alumno poida expresar os seus propios pensamentos na lingua estranxeira, aínda que para elo utilice estratexias, tales como sinónimos, e incluso códigos non verbais, como xestos.
- Que o alumno saiba utilizar e buscar de forma autónoma e crítica as distintas fontes de información.
- Valorar a autoconfianza e fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a lectura como medio de disfrute, ademáis de información e medio de acceso a outras culturas e formas de vida, con textos adecuados a cada idade.
- Valorar e fomentar a creatividade do alumno.
- Que sepa distinguir os diferentes tipos de textos (cartas, narracións, descripcións, artigos, enquisas, documentais, biografías, etc) e aprenda a familiarizarse con eles e a deles de forma comprensiva e autónoma para extraer información global ou específica.
- Destacar a importancia dos aspectos socioculturais dos diferentes países para comprender mellor a súa propia lingua, sociedade e cultura.
- Sacar o máximo partido dos medios ó noso alcance para que o alumno reciba unha información obxectiva sobre países estranxeiros e poida comparalos con hábitos, costumes e formas de vida en España.

3.1 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 1º ESO.

O ensino do inglés nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

Escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación, de forma comprensíbel, adecuada e con certo nivel de autonomía.

Ler e comprender textos diversos, dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado, co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas, utilizando recursos adecuados de cohesión e de coherencia.

Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e de entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e no uso da lingua estranxeira.

3.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 2º ESO.

O ensino do inglés nesta etapa terá como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:

Escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación, de forma comprensíbel, adecuada e con certo nivel de autonomía.

Ler e comprender textos diversos, dun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado, co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas, utilizando recursos adecuados de cohesión e de coherencia.

Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e de entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e no uso da lingua estranxeira.

3.3 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 3º ESO.

Os obxectivos específicos para terceiro de E.S.O. son os seguintes:

Empregar a lingua como vehículo de comunicación para:

Comprender mensaxes orais nas situacións máis habituais da vida cotiá.

Ler de forma comprensiva e autónoma textos escritos nun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado.

Empregar os recursos expresivos lingüísticos e extralingüísticos necesarios para posibilitar a comunicación.

Emitir mensaxes orais ou escritas relativas ás situacións de comunicación máis habituais da vida cotiá.

Empregar estratexias de comunicación elementais para iniciar unha comunicación, evitar que se rompa, solicitar e verificar información, negociar significados e romper a comunicación

Reflexionar sobre os aspectos formais da lingua (fonolóxicos, léxicos, morfosintácticos, semánticos, discursivos, e variantes sociais e de rexistro).

Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico e comunicativo das linguas tendo en conta a idade e as capacidades do alumnado

Establecer analogías, comparacións e contrastes entre as linguas maternas e a estranxeira para ampliar a súa capacidade de aprendizaxe.

Acceder ó coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira desenvolvendo respecto cara a ela e os seus falantes

Aprender a ser creativos e a construír o sentido dun texto como fonte de pracer e de proxección persoal.

Reaccionar con sensibilidade ante o uso da lingua por si mesmos.

Fomentar o interese, a curiosidade e a actitude receptiva pola información que axude a comprender o mundo multicultural.

Comprender a importancia do coñecemento doutras linguas como medio de coñecer outras culturas e para un mellor entendemento, e empregar dita información para reflexionar sobre a propia.

3.4 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 3º PMAR, ESA E FP BÁSICA (Módulo I)

Polo perfil deste tipo de alumnado, deberán alcanzar os obxectivos e os coñecementos mínimos especificados no proxecto curricular para o segundo ciclo de secundaria, pero ademais deben estar presentes os seguintes obxectivos específicos :

Minimizar o efecto negativo que a súa inhibición lles cause na súa capacidade para comunicarse.

Mellorar a súa capacidade de produción lingüística

Usar de xeito autónomo materiais de referencia.

Desenrolar capacidades de organización

Empregar a lingua como vehículo de comunicación para:

Comprender mensaxes orais nas situacións máis habituais da vida cotiá.

Ler de forma comprensiva e autónoma textos escritos nun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado.

Empregar os recursos expresivos lingüísticos e extralingüísticos necesarios para posibilitar a comunicación.

Emitir mensaxes orais ou escritas relativas ás situacións de comunicación máis habituais da vida cotiá.

Empregar estratexias de comunicación elementais para iniciar unha comunicación, evitar que se rompa, solicitar e verificar información, negociar significados e romper a comunicación

3.5 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 4º ESO.

Os obxectivos específicos para cuarto da E.S.O. son os seguintes:

Escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.

Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.

Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e empregar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.

Escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre desemeillantes temas utilizando recursos adecuados de cohesión e coherencia.

Utilizar con corrección as compoñentes fonéticas, léxicas, estruturais e funcionais básicas da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.

Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.

Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.

Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

3.6 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 4º PDC, ESA E FP BÁSICA (Módulo II)

O alumnado de diversificación e de ensino secundario de adultos debe alcanzar os obxectivos e os coñecementos mínimos especificados no proxecto curricular para o segundo ciclo de secundaria, pero ademáis deben estar presentes os seguintes obxectivos específicos :

Minimizar o efecto negativo que a súa inhibición lles cause na súa capacidade para comunicarse.

Mellorar a súa capacidade de produción lingüística

Usar de xeito autónomo materiais de referencia.

Desenrolar capacidades de organización

Empregar a lingua como vehículo de comunicación para:

Comprender mensaxes orais nas situacións máis habituais da vida cotiá.

Ler de forma comprensiva e autónoma textos escritos nun nivel adecuado ás capacidades e intereses do alumnado.

Empregar os recursos expresivos lingüísticos e extralingüísticos necesarios para posibilitar a comunicación.

Emitir mensaxes orais ou escritas relativas ás situacións de comunicación máis habituais da vida cotiá.

Empregar estratexias de comunicación elementais para iniciar unha comunicación, evitar que se rompa, solicitar e verificar información, negociar significados e romper a comunicación

3.7 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 1º BACHARELATO.

- Expresarse e interactuar oralmente de forma espontánea, comprensíbel e respectuosa, con fluidez e precisión, utilizando estratexias adecuadas ás situacións de comunicación.
- Comprender a información global e a específica de textos orais e seguir o argumento de temas actuais emitidos en contextos comunicativos habituais e polos medios de comunicación.
- Escribir diversos tipos de textos de forma clara e ben estruturados, nun estilo adecuado aos lectores aos que van dirixidos e á intención comunicativa.
- Comprender diversos tipos de textos escritos, de temática xeral e específica, e interpretalos criticamente utilizando estratexias de comprensión adecuadas ás tarefas requiridas, identificando os elementos esenciais do texto e captando a súa función e organización discursiva
- Ler de forma autónoma textos con fins diversos adecuados aos seus intereses e necesidades, valorando a lectura como fonte de información, pracer e lecer.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para falar e escribir de forma adecuada, coherente e correcta, para comprender textos orais e escritos, e reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira en situacións de comunicación.
- Adquirir e desenvolver estratexias de aprendizaxe diversas, empregando todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, co fin de utilizar a lingua estranxeira de forma autónoma e para seguir progresando na súa aprendizaxe.
- Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais da lingua estranxeira para comprender e interpretar mellor culturas distintas á propia e a lingua obxecto de aprendizaxe.
- Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a importancia que ten como medio de comunicación e de entendemento internacional nun mundo multicultural, tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre as distintas culturas.

- Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira, con actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade neste proceso.

3.8 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA 2º BACHARELATO.

- Expresarse e interactuar oralmente de forma espontánea, comprensíbel e respectuosa, con fluidez e precisión, utilizando estratexias adecuadas ás situacións de comunicación.
- Comprender a información global e a específica de textos orais e seguir o argumento de temas actuais emitidos en contextos comunicativos habituais e polos medios de comunicación.
- Escribir diversos tipos de textos de forma clara e ben estruturados, nun estilo adecuado aos lectores aos que van dirixidos e á intención comunicativa.
- Comprender diversos tipos de textos escritos, de temática xeral e específica, e interpretalos criticamente utilizando estratexias de comprensión adecuadas ás tarefas requiridas, identificando os elementos esenciais do texto e captando a súa función e organización discursiva.
- Ler de forma autónoma textos con fins diversos adecuados aos seus intereses e necesidades, valorando a lectura como fonte de información, pracer e lecer.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para falar e escribir de forma adecuada, coherente e correcta, para comprender textos orais e escritos, e reflexionar sobre o funcionamento da lingua estranxeira e situacións de comunicación
- Adquirir e desenvolver estratexias de aprendizaxe diversas, empregando todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, co fin de utilizar a lingua estranxeira de forma autónoma e para seguir progresando na súa aprendizaxe.
- Coñecer os trazos sociais e culturais fundamentais da lingua estranxeira para comprender e interpretar mellor culturas distintas á propia e a lingua obxecto de aprendizaxe.
- Valorar a lingua estranxeira como medio para acceder a outros coñecementos e culturas, e recoñecer a importancia que ten como medio de comunicación e de entendemento internacional nun mundo multicultural, tomando conciencia das similitudes e diferenzas entre as distintas culturas.
- Afianzar estratexias de autoavaliación na adquisición da competencia comunicativa na lingua estranxeira, con actitudes de iniciativa, confianza e responsabilidade neste proceso.

4. CONTIDOS E CONTIDOS MÍNIMOS.

4.1 CONTIDOS 1º ESO.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques en relación a tres eixos que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e aprendizaxe:

as habilidades lingüísticas

bloque 1: *Escoitar, falar e conversar*
bloque 2: *Ler e escribir*

os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións
bloque 3: *Coñecemento da lingua*

a dimensión social e cultural da lingua estranxeira

bloque 4: *Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural*

HABILIDADES LINGÜÍSTICAS :

Bloque 1: Escoitar, falar e conversar

- . Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- . Anticipación do contido xeral do que se escoita, con apoio de elementos verbais e non verbais.
- . Obtención de información específica en textos orais sobre datas de aniversario, bandeiras, presentacións, comidas, descrición de persoas, insectos, indicacións para chegar a un lugar, etc.
- . Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación.
- . Produción de textos orais curtos, con estrutura lóxica e con pronuncia adecuada.
- . Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións relacionadas con saúdos e presentacións, intercambios de información persoal, descrición de persoas, lugares e cousas, descrición de ilustracións, actividades habituais e que están en curso, obrigas, prohibicións, accións futuras, narración de historias, etc.
- . Emprego de respostas adecuadas ás informacións requiridas polo profesor/a e polos compañeiros/as nas actividades da aula.
- . Desenvolvemento de estratexias para superar as interrupcións na comunicación, facendo uso de elementos verbais e non verbais para expresarse oralmente en actividades de parella e en grupo: demanda de repetición e aclaración entre outras.

B- Bloque 2: Ler e escribir:

- . Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- . Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos auténticos e adaptados, en soporte papel e dixital, sobre as cores, a diversidade cultural de Inglaterra, os alimentos e a arte, a comida nos colexios británicos, gustos e afeccións peculiares dalgunhas persoas, lugares terroríficos en Londres, tests de intelixencia, supersticións no deporte, etc.
- . Iniciativa para ler con certa autonomía textos adecuados á idade, intereses e nivel de competencia tales como descricións, menús, itinerarios de lugares para visitar, cuestionarios, diálogos, unha viñeta e historias ilustradas con fotografías.
- . Uso de estratexias básicas de comprensión lectora: identificación do tema dun texto con axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos, inferencia de significados polo contexto, por comparación de palabras ou de frases similares nas linguas que coñecen.

- . Recoñecemento dalgunhas das características e convencións da linguaxe escrita e a súa diferenciación da linguaxe oral.
- . Desenvolvemento da expresión escrita de forma guiada, por exemplo, identificando e ordenando os elementos dunha frase, corrixindo erros, engadindo os signos de puntuación, as maiúsculas, as conxuncións, as preposicións de tempo e os conectores de secuencia, e completando e ordenando frases.
- . Composición de textos curtos describindo unha persoa, a súa comida favorita, unha criatura sorprendente, as actividades que outro compañeiro/a realiza no seu tempo libre, o que fan os membros da súa familia, as súas habilidades, unha festa á que vaian, un día divertido, os seus bos propósitos para un futuro próximo, e escribindo sobre eles mesmos e sobre os lugares que lles gustaría visitar. Utilizaranse elementos básicos de cohesión, con diversas intencións comunicativas, a partir de modelos e utilizando as estratexias máis elementais co proceso de composición escrita (planificación, textualización e revisión).
- . Uso das maiúsculas, a correcta orde das palabras nas frases, os signos de puntuación, as conxuncións, as preposicións de tempo e os conectores de secuencia, e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas.
- . Interese por coidar a presentación dos textos escritos en soporte papel e dixital

C- Bloque 3: Coñecemento da lingua:

A - CONTIDOS GRAMATICAIS :

- Present tense of “to be” and “have got”
- Personal pronouns : subject pronouns
- Demonstrative pronouns
- Wh- question words
- Articles: a / an, the
- Plurals
- Word order (adjective + noun)
- Present Simple : affirmative, negative and question forms
- Adverbs of frequency
- Saxon Genitive
- Imperatives
- Can, can't
- Ordinal numbers
- Some / any
- There is / there are
- Prepositions of time and place
- Countable and uncountable nouns ; much / many ; how much / how many
- Like / love / dislike / don't like / hate ... + noun
- Personal pronouns : object pronouns
- Simple connectors : and, but, because.
- Adverbs of manner , time and place
- Present Continuous
- Contrast of present simple and present continuous
- Stative verbs
- To Be : simple past; there was / there were
- Possesive pronouns
- Past simple : regular and irregular verbs

- Connectors of sequence: then, next, finally
- Future : Be going to
- Present Continuous with future meaning
- Must / mustn't
- Command of basic vocabulary related to the covered topics : nationalities, families, school items, subject, free time, holidays, rooms of the house, furniture, parts of the body, clothes, jobs, routines, animals, food, illnesses, emotions .

B - CONTIDOS FUNCIONAIS.

- Greetings
- Spelling
- Counting from 1 to 100
- Telling the time
- Exchanging personal information
- Describing and comparing people, places, objects ...
- Expressing habits, preferences and skills
- Expressing obligation and prohibition
- Talking about abilities and habits
- Expressing likes and dislikes
- Comparing current actions to routines
- Ordering food in a restaurant
- Giving and asking for directions (*how can I get to ... ? / Can you tell me the way to ... ? / turn right / go straight on / on your left ...*)
- Describing past events.
- Talking about the past
- Expressing future plans and intentions
- Making and accepting suggestions (*Let's / Why don't we... / shall we + infinitive*)

C - FONÉTICA :

- Pronunciación das terminacións : /s /, /z /, /Iz/ (presente simple)
- Pronunciación da terminación : -ing (presente continuo)
- Pronunciación da terminación : - ed no pasado simple
- Pronunciación de vocais e consoantes de especial dificultade : *a, t,, d , h, r, d, ch ...* insistindo nas diferenzas coa lingua materna
- Pronunciación de formas debiles: was /were /some/ ...
- Acentuación de palabras e frases
- Entoación de frases
- Entoación de preguntas (*wh- + yes/ no*)

D- REFLEXIÓNS SOBRE A LINGUA:

- Aplicación de estratexias básicas para organizar, adquirir, recordar e utilizar léxico.
- Uso progresivo de recursos para a aprendizaxe, como dicionarios, libros de consulta, bibliotecas ou tecnoloxías da información e da comunicación.
- Reflexión guiada sobre o uso e o significado das formas gramaticais adecuadas a distintas intencións comunicativas.

- Iniciación en estratexias de autoavaliación e autocorrección das producións orais e escritas.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva para superalo.
- Organización do traballo persoal como estratexia para progresar na aprendizaxe.
- Interese por aproveitar as oportunidades de aprendizaxe creadas no contexto da aula e fóra dela.
- Participación activa en actividades e traballos grupais.
- Confianza e iniciativa para expresarse en público e por escrito.

D- Bloque 4: Aspectos socioculturais:

- Identificación e interpretación de rasgos socioculturais relacionados cos textos situacións de comunicación que se traballen
- Comparación entre elementos sociais e culturais transmitidos pola lingua estranxeira e os propios.
- Adecuación de usos socioculturais da lingua estranxeira cando esta é o medio de comunicación entre falantes dos que as linguas maternas son diferentes.
- Diferenciación de usos formais e informais da lingua inglesa.
- Uso de fórmulas axeitadas nas relacións sociais
- Respetto cara a costumes e tradicións diferentes ás propias.
- Apertura a outro xeito de pensar, ver e organiza-la realidade.

4.1.1 CONTIDOS MÍNIMOS PARA 1º ESO.

A- Bloque 1: escoitar, falar e conversar

- . Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- . Obtención de información específica en textos orais sobre datas de aniversario, bandeiras, presentacións, comidas, descrición de persoas, insectos, indicacións para chegar a un lugar, etc.
- . Producción de textos orais curtos, con estrutura lóxica e con pronuncia adecuada.
- . Participación en conversacións breves e sinxelas dentro da aula, e en simulacións relacionadas con saúdos e presentacións, intercambios de información persoal, descrición de persoas, lugares e cousas, descrición de ilustracións, actividades habituais e que están en curso, obrigas, prohibicións, accións futuras, narración de historias, etc.

B- Bloque 2: Ler e escribir:

- . Comprensión de instrucións básicas para a correcta resolución de actividades.
- . Comprensión xeral e identificación de informacións específicas en diferentes textos sinxelos auténticos e adaptados
- . Composición de textos curtos usando elementos básicos de cohesión.
- . Uso das maiúsculas, a correcta orde das palabras nas frases, os signos de puntuación, as conxuncións, as preposicións de tempo e os conectores de secuencia, e recoñecemento da súa importancia nas comunicacións escritas.

C- Bloque 3: Coñecemento da lingua:

A - CONTIDOS GRAMATICAIS :

- Estructura das oracións interrogativas, negativas e afirmativas nos tempos básicos aprendidos neste curso: presente simple con adverbios de frecuencia, presente continuo en contraste co presente simple, presente continuo con valor de futuro, be going to +verbo, imperativos, there is/there are; there was/there were, pasado simple de verbos regulares e irregulares; verbos be, have got.
- Coñecemento a nivel básico do uso dos tempos verbais estudados no ano así como dos verbos modais mais utilizados: can must/mustn't...
- Dominio das regras básicas fundamentais na sintaxe e na formación de palabras.
- Correcta ortografía (spelling) nos traballos escritos.

B - CONTIDOS FUNCIONAIS:

- Coñecemento das funcións elementais dadas no curso: saudar, dar, pedir e comprender información persoal, instrucións, direccións e contrastar accións en curso coas habituais. Describir e comparar persoas, lugares e cousas. Expressar hábitos, gustos... Describir e narrar feitos pasados. Expressar plans e intencións para o futuro. Facer suxerencias, aceptalas e rexeitalas.

C - FONÉTICA :

- Pronunciación das terminacións : /s /, /z /, /Iz/ (presente simple)
- Pronunciación da terminación : - ed no pasado simple
- Pronunciación de vocais e consonantes de especial dificultade : a, t,, d , h, r, d, ch ... insistindo nas diferencias coa lingua materna

4.2 CONTIDOS PARA 2º ESO.

Os contidos preséntanse agrupados en bloques en relación a tres eixos que posúen características e necesidades específicas en canto ao proceso de ensino e aprendizaxe:

as habilidades lingüísticas

bloque 1: *Escoitar, falar e conversar*

bloque 2: *Ler e escribir*

os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións

bloque 3: *Coñecemento da lingua*

a dimensión social e cultural da lingua estranxeira

bloque 4: *Aspectos socio-culturais e consciencia intercultural*

HABILIDADES LINGÜÍSTICAS :

Bloque 1: Escoitar, falar e conversar

- Audición e comprensión de mensaxes orais breves relacionadas coas actividades da aula: instrucións, preguntas, comentarios, diálogos.
- Obtención de información específica en textos orais sobre conversacións formais e informais, textos orais sobre mascotas, pedras preciosas, festas de aniversario, roupa, escudos de armas, feitos acontecidos no pasado, plans de vacacións, programas de TV, cidades e vivendas, preguntas dun detective, deportes, grupos e academias de música, etc., con apoio de elementos verbais e non verbais.
- Uso de estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais: uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación, identificando as palabras crave.
- Produción de textos orais breves e coherentes con pronuncia adecuada.
- Participación en conversas breves e sinxelas dentro do aula, e en simulacións relacionadas con saudar e presentarse, describir persoas, cousas, animais, lugares, o clima, roupa, programas de TV, etc., pedir e dar información persoal, expresar posesión, comparar elementos entre si, expresar obrigaón e prohibición, expresar posibilidade, pedir e conceder permiso, expresar condicións, expresar gustos e preferencias, dar consello, expresar cantidade, expresar localización, expresar opinións e emocións, falar sobre plans para o futuro e predicións, actividades habituais e accións en curso, acontecementos pasados, accións interrompidas ou simultáneas no pasado e feitos recentes.
Avaliación 3ª units 7, 8 e si é posible a 9 pero normalmente non se

consigue.

5.2 TEMPORALIZACIÓN 2º ESO

O curso consta de tres avaliacións. Cada unha terá un máximo de tres bloques ou units e un mínimo de dous. Cada unidade necesita un mínimo de 15 sesións. Nunca chegamos a dar a unidade 9.

5.3 TEMPORALIZACIÓN 3º ESO

O curso consta de tres avaliacións e nove unidades. Cada unidade precisa de 15 sesións como mínimo. Tentarase facer na 1ª avaliación as unidades 1,2 e o que de tempo da 3. Na 2ª avaliación as unidades 4 e 5, rematar a 3 si non se rematou e ver o máximo posible da 6. Na 3ª avaliación tentaremos ver as unidades 7 e 8. Si nos dera tempo explicaríamos o que puidesemos da unit 9 pero non consideramos factible vela.

5.4 TEMPORALIZACIÓN 4º ESO

A asignatura de Inglés consta de tres clases semanais. Veremos seis unidades ó longo do curso, repartidas nos tres trimestres, polo que corresponden tres unidades ó primeiro trimestre e dúas ó segundo e terceiro. Cada unidade será impartida aproximadamente en dez sesións ou clases de 50 minutos cada unha.

5.5 TEMPORALIZACIÓN 3º PMAR E Módulo I (FP Básica)

Similar á de 3º da ESO, pero dependendo da asimilación de contidos mínimos polo alumnado.

5.6 TEMPORALIZACIÓN 2º PDC E Módulo II (FP Básica)

Similar á de 4º da ESO, pero dependendo da asimilación de contidos mínimos polo alumnado.

5.7 TEMPORALIZACIÓN 1º BACHARELATO

A asignatura de Inglés consta de tres clases semanais. Veremos nove unidades ó longo do curso, repartidas nos tres trimestres, correspondendo tres unidades a cada trimestre ou avaliación. Cada unidade será impartida aproximadamente en dez sesións ou clases de 50 minutos cada unha.

5.8 TEMPORALIZACIÓN 2º BACHARELATO

A asignatura de Inglés consta de tres clases semanais. Veremos seis unidades ó longo do curso, repartidas nos tres trimestres, correspondendo dúas unidades a cada un dos trimestres. Aproveitarase parte do tempo para repaso e preparación de textos para a selectividade.. Cada unidade será impartida aproximadamente en dez sesións ou clases de 50 minutos cada unha.

6. AVALIACIÓN. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES.

Como xa é sabido, polas características do ensino do idioma inglés, o sistema de avaliación que consideramos máis idóneo é a **avaliación continua**, é dicir, que a última avaliación engloba as dúas anteriores. Elo implica que si un alumno aproba na última avaliación automaticamente aproba as dúas anteriores, pero tamén á inversa. Por elo sempre intentaremos incluír nos nosos exámes unha parte de repaso de todo o anterior, que no caso da terceira avaliación ten que ser relativamente elevado. Nesa mesma liña plantexaremos a recuperación dos alumnos pendentes.

6.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA 1º ESO EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

Criterios de avaliación.

1. Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais emitidas cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns se se fala amodo e con claridade. A través deste criterio apreciase a capacidade de alumnos e alumnas para comprender o esencial de diálogos emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, aínda que non se comprendan na súa totalidade. Trátase de avaliar esencialmente se se identifica o significado de instrucións, comentarios, preguntas e respostas, diálogos curtos, descrições e narracións breves sobre temas cotiáns utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, utilizando as estratexias axeitada para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación. Este criterio avalía a capacidade de comunicarse oralmente participando en conversas, reais ou simuladas, sobre temas coñecidos. Estas consistirán esencialmente en presentar e contestar preguntas, intercambiar ideas e información, relatar experiencias sobre temas familiares en situacións predicibles utilizando os recursos lingüísticos e as estratexias que aseguren a comunicación. As producións poderán ter incorreccións léxicas, morfosintácticas ou fonéticas que non dificulten a comunicación.
3. Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para o alumnado, coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo. A través deste criterio apreciarase a capacidade para comprender textos diversos: instrucións, correspondencia, descricións e narracións breves, mensaxes, cuestionarios, etc. aplicando estratexias básicas de lectura como a inferencia de significados polo contexto ou por elementos visuais ou a comparación coas linguas que o alumnado coñece. Con este criterio tamén se avalía a capacidade de ler textos, en soporte papel ou dixital, de certa extensión, para aprender ou para gozar da lectura, recorrendo a dicionario cando sexa preciso.
4. Redactar de forma guiada textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, partindo de modelos e respectando as regras elementais de ortografía e puntuación. Este criterio avalía a capacidade para redactar, aínda que de forma elemental, notas, descricións, correspondencia postal ou electrónica e mensaxes. Os textos conterán palabras de uso habitual, oracións simples e conectores básicos. Valorarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada, en soporte papel ou dixital.
5. Na lingua propia, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando elementos básicos e evitando estereotipos. A través deste criterio trátase de avaliar o interese por coñecer a outra cultura e se as alumnas e alumnos son consciente do enriquecemento persoal que supón a relación con persoas doutras culturas.
6. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira estudada. Trátase de avaliar a capacidade de facer mediación entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.
7. Identificar e utilizar algunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe. Este criterio pretende avaliar se o alumnado identifica e utiliza as estratexias básicas que favorecen o proceso de aprendizaxe, como a capacidade de ir valorando os seus progresos, a reflexión sobre como aprende un mesmo máis e mellor, a incorporación da aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe, a utilización de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico, o uso correcto do dicionario para identificar a acepción axeitada ao contexto; o uso de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais co fin de recoller información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, etc.
8. Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos e para establecer relacións persoais amosando interese polo seu uso. Trátase de valorar con este criterio a capacidade do

alumnado de utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe, en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais de forma guiada. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados e realizaranse a partir de modelos. Tamén se terá en conta a actitude cara a lingua estranxeira, os intentos por utilizala e se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor.

6.1.1 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES PARA 1º ESO (LOMCE)

Os estándares de aprendizaxe neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.

PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando selle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.

▪ Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

PLEB2.2. □ Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guiión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.

PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e

relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.

PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.

PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.

PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiáe do seu interese.

PLEB4.2. □Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.

PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua

PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).

PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

6.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA 2º ESO EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos. Este criterio avalía a capacidade para comprender a idea xeral e detalles específicos de mensaxes breves e conversacionais sobre temas familiares tanto emitidos cara a cara como por distintos medios audiovisuais sempre que sexa nunha pronuncia estándar, utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empregando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia axeitada para conseguir a comunicación. Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en situacións interactivas que supoñen a integración da comprensión e da expresión oral. As conversas daranse en situacións de dous tipos: as habituais de clase (pedir información e aclaración, pedir permiso, traballar en grupo, etc.) e as creadas polo profesor (xogos, simulacións, xogos de rol, comunicacións mediante as novas TIC, etc.). As mensaxes poderán ser aínda titubeantes e conter erros morfosintácticos e léxico reducido sempre que a mensaxe sexa comprensible.

3. Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, auténticos e adaptados de extensión variada e axeitados á súa idade, demostrando a comprensión mediante unha actividade específica. Mediante este criterio avalíase a capacidade para comprender textos escritos de carácter interpersonal como correspondencia, anuncios, folletos de diverso tipo, narracións, artigos de revistas xuvenís, páxinas web, letras de cancións, etc., aplicando estratexias de lectura como a inferencia de significados polo contexto, a aplicación de regras de formación de palabras ou dos coñecementos transferidos das linguas que coñece ou vinculados a outras áreas do currículo. Con este criterio avalíase tamén a capacidade para ler textos, en soporte papel ou dixital, dunha certa extensión, recorrendo ao dicionario de xeito espontáneo cando resulte difícil a comprensión global do argumento por descoñecemento dalgunha palabra clave, e demostrando a súa comprensión mediante tarefas lingüísticas e non lingüísticas.

4. Redactar de xeito guiado textos diversos en diferentes soportes, empregando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación para que sexan comprensibles ao lector e presenten unha corrección aceptable para a comunicación. Por medio deste criterio avalíase a capacidade do alumnado para expresar por escrito, en soporte papel ou dixital, de xeito comprensible para o lector, descrições sobre acontecementos e actividades cotiás e familiares, narracións sobre experiencias persoais, plans e proxectos, cartas, postais, formularios e correos electrónicos de forma guiada. Valorarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada.

5. Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas. Este criterio avalía a capacidade do alumnado para aplicar os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posible a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.

6. Identificar, utilizar algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar na aprendizaxe. Este criterio pretende avaliar se se empregan estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe como a capacidade de valorar os seus progresos, a reflexión sobre a propia aprendizaxe, a utilización de formas diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso correcto do dicionario para identificar a acepción adecuada ao contexto; uso de recursos bibliográficos, informáticos e dixitais co fin de recompilar información, ampliar ou revisar aspectos traballados na aula, participación na avaliación da propia aprendizaxe, e uso dalgúns mecanismos de autocorrección.

7. Usar de xeito guiado as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relacións persoais mostrando interese polo seu uso. Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e comunicación como ferramentas de comunicación e de aprendizaxe de xeito guiado, en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por empregala.

8. Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais, históricos, xeográficos ou literarios propios de países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos. A través deste criterio apreciarase o coñecemento dos trazos máis importantes e característicos da sociedade, cultura, historia, xeografía e literatura dos países onde se fala a lingua estranxeira. Tamén se avaliará se alumnos e alumnas

amosan respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos, superando dese xeito algúns estereotipos.

9. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo. Trátase de avaliar a capacidade de facer mediación entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

6.2.1 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES PARA 2º ESO (LOMCE)

Os estándares de aprendizaxe neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.

PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando selle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.

▪ Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción

PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.

PLEB2.2. □Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.

PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e

relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.

PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.

PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese.

PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá do seu interese.

PLEB4.2. □Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).

PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.

PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.

PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.

PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).

PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua

PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).

PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.

PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

6.3 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA 3º ESO EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

1. Comprender a idea principal e algúns detalles relevantes de textos en mensaxes orais sinxelas sobre temas concretos e coñecidos emitidas con claridade.

Este criterio avalía a capacidade para seguir instrucións, comprender avisos, diálogos ou exposicións breves sobre temas coñecidos como lecer e tempo libre, preferencias, experiencias persoais, organización da aula, e aqueles nos que identifiquen a intención do falante ben cara a cara ou emitidos por medios audiovisuais cunha pronuncia estándar utilizando as estratexias básicas de comprensión das mensaxes orais.

2. Participar en conversas e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, empregando as convencións propias da conversa e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción. Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en conversas empregando as estratexias adecuadas para comprender e facerse comprender co fin de expresar gustos, necesidades, sentimentos, dar e procurar información, dar opinións e relatar experiencias.

3. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos, de extensión variada recoñecendo feitos e opinións e identificando, no seu caso, a intención comunicativa do autor. A través deste criterio avalíase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos, argumentativos) que traten temas de interese xeral ou relacionados con outras áreas do currículo, aplicando as estratexias de lectura coñecidas e outras novas como a identificación do tema por medio de elementos textuais e paratextuais
4. Redactar de forma guiada textos diversos, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector. Este criterio pretende avaliar a capacidade para comunicarse por escrito iniciándose na elaboración e revisión de borradores e na elección do rexistro adecuado. Os textos presentarán unha sintaxe simple e facilmente comprensible, léxico limitado pero axeitado ao contexto, e a ortografía e a puntuación correctas.
5. Empregar de xeito consciente en contextos de comunicación variados os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas. A través deste criterio apreciarase a capacidade para aplicar de xeito cada vez máis autónomo os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posible a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.
6. Identificar e utilizar diferentes estratexias empregadas para progresar na aprendizaxe. Este criterio pretende avaliar se se utilizan as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe como valoración dos seus progresos e a reflexión sobre a propia aprendizaxe; a utilización de estratexias diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso cada vez máis autónomo de dicionarios, recursos bibliográficos, informáticos e dixitais; a análise e a reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece, a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra dela e o uso de mecanismos de autocorrección.
7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación de xeito progresivamente autónomo para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, amosando interese polo seu uso. Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías de información e comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas. As comunicacións que se establezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se se valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por empregala.
8. Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade da que se estuda a lingua e amosar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios. A través deste criterio apreciarase se os alumnos e alumnas son quen de identificar nos textos orais e escritos algúns trazos significativos e característicos da cultura xeral dos países onde se fala a lingua estranxeira, se poden describilos de xeito claro e sinxelo e amosan respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos, superando así algúns estereotipos.
9. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo. Trátase de avaliar a capacidade de facer

mediación entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

6.3.1 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES PARA 3º ESO (LOMCE)

Os estándares de aprendizaxe neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando selle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.

▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.2. □Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou da Internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.

PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.

PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).

PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.

PLEB4.2. □ Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).

PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación

ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.

PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.

PLEB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.

PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquiridonoutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.

PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).

PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

6.4 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA 4º ESO EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

1. Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de mensaxes orais emitidas en situacións de comunicación interpersonal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non exixan coñecementos especializados.

Con este criterio avalíase a capacidade de alumnos e alumnas para comprender mensaxes emitidas en situación de comunicación cara a cara e que xiren en torno a necesidades materiais e relacións sociais, sensacións físicas e sentimentos ou opinións.

2. Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e á intención comunicativa. Con este criterio valórase a capacidade para desenvolverse en conversas con intencións comunicativas diversas (establecer relacións, expoñer, narrar e argumentar, describir e dar instrucións), utilizando as estratexias e os recursos que aseguren a comunicación cos interlocutores habituais na aula ou falantes nativos.

3. Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor. A través deste criterio apreciarase a capacidade do alumnado para comprender os textos máis usuais e útiles da comunicación escrita, ou textos literarios e de divulgación que traten temas relacionados coa cultura e a sociedade dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada, aplicando as estratexias adquiridas e progresando noutras novas como a realización de inferencias directas.

Con este criterio tamén se avalía a capacidade para ler de forma autónoma textos de maior extensión co fin de consultar ou buscar información sobre contados diversos, para aprender, ou por pracer ou curiosidade, facendo uso correcto de dicionarios e doutras fontes de información en soporte papel ou dixital.

4. Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas propias de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector. Trátase de apreciar a capacidade para comunicarse por escrito de forma ordenada, iniciándose na produción de textos libres (avisos, correspondencia, instrucións, descrições, relatos de experiencias, noticias...) cunha estrutura adecuada, lóxica e prestando especial atención á planificación do proceso de escritura.

En todos os escritos, en papel ou soporte dixital, avaliarase a progresiva utilización das convencións básicas de cada xénero e a presentación clara, limpa e ordenada.

5. Utilizar de forma consciente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas. Este criterio avalía a capacidade para aplicar os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posible a comprensión tanto das súas propias producións como das alleas.

6. Identificar, utilizar e explicar estratexias utilizadas, poñer exemplos doutras posibles e decidir sobre as máis axeitadas ao obxectivo da aprendizaxe. Este criterio pretende avaliar se as alumnas e os alumnos utilizan as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe, como a aplicación autónoma de formas diversas para almacenar,

memorizar e revisar o léxico; o uso cada vez máis autónomo de dicionarios, recursos bibliográficos, informáticos e dixitais; a análise e a reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece, a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra dela, a participación na avaliación da propia aprendizaxe ou o uso de mecanismos de autocorrección.

7. Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso. Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais de aula e para establecer relacións persoais tanto orais como escritas.

8. Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade falante da lingua en estudo e a propia, e amosar respecto cara a elas. Este criterio pretende comprobar se coñecen algunhas mostras significativas da cultura dos países onde se fala a lingua estranxeira, se establecen semellanzas e diferenzas e se valoran e respectan patróns culturais distintos aos propios.

9. Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo. Trátase de avaliar a capacidade de facer mediación entre persoas interlocutoras que non poden entenderse polo descoñecemento da lingua, facendo equivalencia dunha lingua a outra ou dando explicacións do significado do texto.

6.4.1 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES PARA 4º ESO (LOMCE)

Os estándares de aprendizaxe neste curso organizáronse en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e conciencia plurilingüe e intercultural. Recollemos a continuación o lexislado:

▪ Bloque 1. Comprensión de textos orais

PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).

PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).

PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.

PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando selle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.

PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.

PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiáns ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.

▪ **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

PLEB2.2. □ Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiáns, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.

PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiáns, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).

PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.

PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).

PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou da Internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese.

PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.

PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).

PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.

PLEB4.2. □ Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos

educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.

PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).

PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.

PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.

PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.

PLEB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.

PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquiridonoutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.

PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).

PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes eculturas, amosando respecto perante as diferenzas.

PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

6.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA 3º PMAR EN RELACIÓN COAS COMPETENCIAS CLAVE

- Identifica-la información global e específica en textos orais (conversas, exposicións breves, e diálogos) sobre temas que lle resulten familiares.
- Amosar interese e realizar as tarefas asignadas
- Participar en intercambios orais breves, relativos a situacións coñecidas, empregar unha linguaxe sinxela.
- Manifestar na práctica o coñecemento dos aspectos formais do código da lingua inglesa (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía) tanto a través de actividades contextualizadas sobre puntos concretos como pola súa correcta utilización nas tarefas de expresión oral e escrita.
- Inducir regras de funcionamento da lingua estranxeira a partir da observación de regularidades e aplicar procesos de inducción e deducción de forma alternativa.
- Establecer relacións entre funcións da linguaxe, conceptos gramaticais e expoñentes lingüísticos.
- Utilizar o léxico aprendido na clase.

6.6 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA 1º DE BACHARELATO

1. Comprender a idea principal e identificar detalles relevantes de mensaxes orais, emitidas en situacións comunicativas cara a cara ou polos medios de comunicación, sobre temas coñecidos, actuais ou xerais, relacionados cos seus estudos e intereses ou con aspectos socioculturais asociados á lingua estranxeira, sempre que estean articulados con claridade, en lingua estándar e que o desenvolvemento do discurso se facilite con marcadores explícitos.
2. Expresarse con fluidez e con pronunciación e entoación adecuadas, en conversacións improvisadas, narracións, argumentacións, debates e exposicións previamente preparados, utilizando as estratexias de comunicación necesarias e o tipo de discurso adecuado á situación
3. Comprender de forma autónoma a información contida en textos escritos procedentes de diversas fontes: correspondencia, páxinas web, xornais, revistas, literatura e libros de divulgación, referidos á actualidade, á cultura, ou relacionados cos seus intereses ou cos seus estudos, presentes ou futuros.
4. Escribir textos claros e detallados con diferentes propósitos, que teñan a corrección formal, a cohesión, a coherencia e o rexistro adecuados, valorando a importancia de planificar e de revisar o texto.
5. Utilizar de forma consciente os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autoavaliación e de autocorrección que reforcen a autonomía na aprendizaxe
6. Identificar, poñer exemplos e utilizar de xeito espontáneo e autónomo as estratexias de aprendizaxe adquiridas e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para avaliar e identificar as súas habilidades lingüísticas.
7. Analizar, a través de documentos auténticos, en soporte papel, dixital ou audiovisual, aspectos xeográficos, históricos, artísticos, literarios e sociais relevantes dos países cuxa lingua se aprende, afondando no coñecemento desde a óptica enriquecida polas diferentes linguas e culturas que o alumnado coñece.

6.6.1 ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES PARA 1º BACHARELATO (LOMCE)

Os estándares de aprendizaxe neste curso están organizados en cinco grandes bloques: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos, e coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural, plurilingüe e. Recollemos a continuación o lexislado:

- **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

PLEB1.1. Nas actividades de aula, reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo e mellorándoo se é o caso, sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala; deducindo intencións a partir do volume da voz do falante; facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.

PLEB1.2. Comprende instrucións técnicas, dadas cara a cara ou por outros medios, relativas á realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (por exemplo, nunha instalación deportiva), público (por exemplo, nunha situación de emerxencia), educativo ou ocupacional (por exemplo, unha visita guiada a unha pinacoteca, ou sobre o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).

PLEB 1.3. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a actividades e procedementos cotiáns e menos habituais, sempre que poida expor preguntas para comprobar que comprendeu o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre algúns detalles.

PLEB1.4. Comprende as ideas principais e detalles relevantes dunha presentación, charla ou conferencia que verse sobre temas do seu interese ou da súa especialidade, sempre que o discurso estea articulado de maneira clara e en lingua estándar (por exemplo, unha presentación sobre a organización da universidade noutros países).

PLEB1.5. Comprende os puntos principais e detalles relevantes na maioría de programas de radio e televisión relativos a temas de interese persoal ou da súa especialidade (por exemplo, entrevistas, documentais, series e películas), cando se articulan de forma relativamente lenta e cunha pronuncia clara e estándar, e que traten temas coñecidos ou do seu interese.

PLEB1.6. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.

PLEB1.7. Identifica os puntos principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dúas ou máis persoas interlocutoras, que se produce ao seu ao redor, sempre que as condicións acústicas sexan boas, o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua.

PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal ou nunha discusión na que participa, tanto de viva voz como por medios técnicos, información específica relevante sobre temas xerais ou do seu interese, e capta sentimentos como a sorpresa, o interese ou a

indiferenza, sempre que as persoas interlocutoras eviten un uso moi idiomático da lingua e se non haxa interferencias acústicas.

PLEB1.9. Entende, en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, a exposición dun problema ou a solicitude de información respecto desta (por exemplo, no caso dunha reclamación), sempre que poida pedir confirmación sobre algúns detalles.

▪ **Bloque 2. Producción de textos orais: expresión e interacción**

PLEB2.1. Participa con eficacia en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con certo detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente a sentimentos como a sorpresa, o interese ou a indiferenza; conta historias, así como o argumento de libros e películas, indicando as súas reaccións; ofrece e interésase por opinións persoais sobre temas do seu interese; fai comprensibles as súas opinións ou reaccións respecto das solucións posibles de problemas ou cuestións prácticas; expresa con amabilidade crezas, acordos e desacordos, e explica e xustifica as súas opinións e os seus proxectos.

PLEB.2.2. Desenvólvese con eficacia en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, estudo ou traballo (por exemplo, para facer reclamacións), expondo os seus razoamentos e puntos de vista con claridade e seguindo as convencións socioculturais que demanda o contexto específico.

PLEB.2.3. Segue unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro ámbito predicible da interacción.

PLEB.2.4. Compensa as carencias lingüísticas concerta naturalidade e pedíndolle axuda ao seu interlocutor, e mediante procedementos lingüísticos, como a paráfrase ou a explicación, e para lingüísticos.

PLEB.2.5. Fai presentacións ben estruturadas e de certa duración sobre un tema educativo (por exemplo, o deseño dun aparello ou dispositivo, ou sobre unha obra artística ou literaria), coa suficiente claridade como para que se poida seguir sen dificultade a maior parte do tempo e cuxas ideas principais estean explicadas cunha razoable precisión, e responde a preguntas complementarias da audiencia formuladas con claridade e a velocidade normal.

PLEB.2.6. Inicia, mantén e finaliza espontaneamente concerta seguridade conversas e discusións cara a cara sobre temas cotiás de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo, aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que quere dicir.

PLEB.2.7.Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversas formais,entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista con claridade, e xustificando con certo detalle e de maneira coherente as súas opinións, os seus plans e as súas suxestións sobre futuras actuacións.

PLEB.2.8.Coopera na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

▪ **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

PLB3.1.Nas actividades de aula, explica como utiliza diferentes estratexias para comprender o texto, como a identificación da intención comunicativa, a anticipación da información a partir dos elementos textuais e non textuais, ou so do contexto, a aplicación de regras de formación de palabras para inferir significados ou o apoio na organización da información e no tipo de texto.

PLEB3.2.Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese,redactados nunha variante estándar da lingua.

PLEB3.3. Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, en soporte tanto impreso como dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese educativo ou ocupacional, en páxinas web e outros textos informativos oficiais,institucionais, ou corporativos.

PLEB3.4.Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre cómo redactar un traballo educativo seguindo as convencións internacionais).

PLEB3.5.Comprende información relevante en correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos (por exemplo, carta de admisión a un curso).

PLEB3.6.Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal e educativo(por exemplo, folletos, prospectos, programas de estudos universitarios).

PLEB3.7.Segue sen dificultade a liña argumental de historias de ficción e de novelas curtas claramente estruturadas, de linguaxe sinxela e directa, nunha variedade estándar

da lingua, e comprende o carácter dos personaxes e as súas relacións, cando un se outras están descritos claramente e co suficiente detalle.

PLEB3.8. Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nas que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoable precisión, e se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos tanto abstractos como concretos de temas do seu interese.

▪ **Bloque 4. Producción de textos escritos: expresión e interacción**

PLEB4.1. Escribe, en calquera soporte, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema educativo, ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.

PLEB4.2. Nas tarefas de expresión escrita, produce habitualmente textos coherentes, con cohesión e adecuados aos fins funcionais, con razoable corrección tanto ortográfica como de puntuación, na orde das palabras en a presentación do escrito (marxes, espazos de interliña, uso de maiúsculas e minúsculas, etc.)

PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para tomar parte nun concurso internacional, ou para solicitar unhas prácticas en empresas).

PLEB4.4. Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un currículo detallando e ampliando a información que considera relevante en relación co propósito e o destinatario específicos.

PLEB4.5. Toma notas, facendo unha lista dos aspectos importantes, durante unha conferencia sinxela, e redacta un breve resumo coa información esencial, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, educativos u ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía.

PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información e pregunta sobre problemas e explícaos con razoable precisión, e describe, de maneira detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.

PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto da correspondencia, no ámbito público, educativo ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

▪ **Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural**

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un uso espontáneo da lingua estranxeira; reflexiona sobre o propio proceso de adquisición da lingua e transfere á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.

PLEB5.2. Utiliza as normas ortográficas sen erros moi significativos e para estruturar o texto, ordenar as ideas e xerarquizalas en principais e secundarias, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.

PLEB5.3. Utiliza a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información procedente de diversas fontes (biblioteca, internet, etc.) e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos, e, durante as actividades de aula, en situacións de comunicación reais ou simuladas, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas distintas, evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.

PLEB5.4. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros de outra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural.

PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación.

PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo.

PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, concerta densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e reconece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual.

PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.).

PLEB5.9.Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia,folletos,carteis,recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.

6.7 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICA PARA 2º DE BACHARELATO

- 1- Comprender a idea principal e identificar detalles relevantes de mensaxes orais, emitidas en situacións comunicativas cara a cara ou polos medios de comunicación, sobre temas coñecidos, actuais ou xerais, relacionados cos seus estudos e intereses ou con aspectos socioculturais asociados á lingua estranxeira, sempre que estean articulados con claridade, en lingua estándar e que o desenvolvemento do discurso se facilite con marcadores explícitos.
- 2- Expresarse con fluidez e con pronunciación e entoación adecuadas, en conversacións improvisadas, narracións, argumentacións, debates e exposicións previamente preparados, utilizando as estratexias de comunicación necesarias e o tipo de discurso adecuado á situación.
- 3- Comprender de forma autónoma a información contida en textos escritos procedentes de diversas fontes: correspondencia, páxinas web, xornais, revistas, literatura e libros de divulgación, referidos á actualidade, á cultura, ou relacionados cos seus intereses ou cos seus estudos, presentes ou futuros.
- 4- Escribir textos claros e detallados con diferentes propósitos, que teñan a corrección formal, a cohesión, a coherencia e o rexistro adecuados, valorando a importancia de planificar e de revisar o texto.
- 5- Utilizar de forma consciente os coñecementos lingüísticos, sociolingüísticos, estratéxicos e discursivos adquiridos, e aplicar con rigor mecanismos de autoavaliación e de autocorrección que reforcen a autonomía na aprendizaxe.
- 6- Identificar, poñer exemplos e utilizar de xeito espontáneo e autónomo as estratexias de aprendizaxe adquiridas e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, para avaliar e identificar as súas habilidades lingüísticas.
- 7- Analizar, a través de documentos auténticos, en soporte papel, dixital ou audiovisual, aspectos xeográficos, históricos, artísticos, literarios e sociais relevantes dos países cuxa lingua se aprende, afondando no coñecemento desde a óptica enriquecida polas diferentes linguas e culturas que o alumnado coñece.

6.8 AVALIACIÓN ESPECÍFICA PARA BACHARELATO DE ADULTOS

Avaliación para alumnos que cursen 1º e 2º de Bacharelato no mesmo ano académico:

- 1.- Os alumnos de 1º BACH de inglés e que teñan materias de 2º BACH (teñan ou non inglés de segundo) han de ser avaliados na convocatoria de maio como alumnos de 2º BACH.
- 2.- Todos estes alumnos deben presentarse ás convocatorias oficiais de PENDENTES en febreiro e maio.
- 3.- Os alumnos que cursen unicamente 1º BACH de inglés terán que ser avaliados polo profesor de 1º BACH na convocatoria de pendentes de maio. Non volverán ser

avaliados de novo ata setembro no caso de non superar esa proba de maio. Se insistisen en acudir ás clases e acabar o curso de primeiro regularmente, hai que aclararlles que o poden facer pero que a data do seu próximo exame será en setembro.

4.- Os alumnos que cursen os dous niveis de inglés han de superar exames dos dous niveis de inglés. Para iso:

a) Puideron ir a clases de 1º BACH ata agora e cursar primeiro de forma regular co cal terían dereito a ser avaliados durante o curso, sempre con límite final de curso a convocatoria de pendentes de maio. Ademais, poderán aprobar toda a materia xa en febreiro, se superan a proba da convocatoria de pendentes de febreiro, co obxectivo de facilitar o traballo de 2º BACH no segundo trimestre.

b) Os alumnos que non acudiron regularmente a clase de primeiro e non superaron probas durante o curso perden o dereito á avaliación continua e só poderán ser examinados na convocatoria regular de pendentes.

c) Os alumnos que non superen 1º BACH en maio, quedarán en 2º BACH sen nota e terán que examinarse de novo en setembro dos dous niveis non superados, como se explica a continuación:

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

a) Alumnos de 1º BACH (sen ningunha de 2º BACH). Presentaranse na convocatoria normal co seu profesor, **non** o día da convocatoria extraordinaria de PENDENTES.

b) Alumnos de 2º BACH con inglés de 1º BACH (pero sen inglés de 2º BACH). Presentaranse á de 1º BACH o día da convocatoria extraordinaria de PENDENTES.

c) Alumnos de 2º BACH con inglés de 1º BACH e con inglés de 2º BACH. Presentaranse á de 1º BACH o día da convocatoria extraordinaria de PENDENTES. E á de 2º BACH, ao día seguinte, na convocatoria normal.

6.9 CRITERIOS DE AVALIACIÓN ESPECÍFICOS PARA FP BÁSICA (Comunicación en Lingua Inglesa)

A) Utiliza estratexias para interpretar e comunicar información oral en lingua inglesa, elaborando presentacións orais de pouca extensión, ben estruturadas, relativas a situacións habituais de comunicación cotiá e frecuente de ámbito persoal, público ou profesional.

1. Aplicáronse as estratexias de escoita activa para a comprensión precisa das mensaxes recibidas.

2. Identificouse a intención comunicativa básica de mensaxes directas ou recibidas mediante formatos electrónicos, valorando as situacións de comunicación e as súas implicacións no uso do vocabulario empregado.

3. Identificouse o sentido global do texto oral que presenta a información de xeito secuenciado e progresivo en situacións habituais frecuentes e de contido predicible.

4. Identificáronse trazos fonéticos e de entoación común e evidente que axuden a entender o sentido xeral da mensaxe.
5. Realizáronse presentacións orais breves de textos descritivos, narrativos e instrutivos dos ámbitos persoal, público ou profesional, de acordo cun guión sinxelo, aplicando a estrutura de cada tipo de texto e utilizando, de ser o caso, medios informáticos.
6. Utilizáronse estruturas gramaticais básicas adaptadas a contextos diferentes (formal, non formal e situacións profesionais), e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases e palabras de situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible segundo o propósito comunicativo do texto.
7. Expresouse con certa claridade, usando unha entoación e unha pronuncia comprensible, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes.
8. Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.
9. Identificáronse as normas de relacións sociais básicas e estandarizadas dos países onde se fale a lingua estranxeira.
10. Identificáronse os costumes ou as actividades cotiás da comunidade onde se fale a lingua estranxeira.

B) Participa en conversas en lingua inglesa utilizando unha linguaxe sinxela e clara en situacións habituais frecuentes dos ámbitos persoal ou profesional, activando estratexias de comunicación básicas.

1. Dialogouse, de xeito dirixido e seguindo un guión ben estruturado, utilizando un repertorio memorizado de modelos de oracións e conversas breves e básicas, sobre situacións habituais frecuentes e de contido altamente predicible.
2. Mantívose a interacción utilizando estratexias de comunicación sinxelas para amosar o interese e a comprensión.
3. Utilizáronse estratexias básicas de compensación para suplir carencias na lingua estranxeira, como a observación da persoa interlocutora e a procura da súa axuda para facilitar a bidireccionalidade da comunicación.
4. Utilizáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio esencial e restrinxido de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, segundo o propósito comunicativo do texto.
5. Expresouse con certa claridade, utilizando unha entoación e unha pronuncia comprensibles, aceptándose as pausas e as dúbidas frecuentes, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada.

C) Elabora textos escritos breves e sinxelos en lingua inglesa, en situacións de comunicacións habituais e frecuentes dos ámbitos persoal, público ou profesional,

desenvolvendo estratexias estruturadas de composición, e aplica estratexias de lectura comprensiva.

1. Leuse o texto de xeito comprensivo, recoñecendo os seus trazos básicos, o seu contido global, e analizouse a súa intención e o seu contexto.
2. Identificáronse as ideas fundamentais e a intención comunicativa básica do texto.
3. Identificáronse estruturas gramaticais básicas e un repertorio limitado de expresións, frases, palabras e marcadores de discurso lineais, en situacións habituais frecuentes, de contido moi predicible.
4. Completáronse e reorganizáronse frases e oracións, atendendo ao propósito comunicativo e a normas gramaticais básicas.
5. Elaboráronse textos breves e adecuados a un propósito comunicativo, seguindo modelos estruturados.
6. Utilizouse o léxico esencial axeitado para situacións frecuentes e para o contexto dos ámbitos persoal ou profesional.
7. Amosouse interese pola boa presentación dos textos escritos, respectando as normas gramaticais, ortográficas e tipográficas, e seguindo sinxelas pautas de revisión.
8. Utilizáronse dicionarios impresos e en liña e correctores ortográficos dos procesadores na composición dos textos.
9. Amosouse unha actitude reflexiva acerca da información que supoña calquera tipo de discriminación.

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

PROCEDEMENTOS PARA A REALIZACIÓN DA AVALIACIÓN INICIAL (na ESO)

O obxectivo da avaliación inicial é o **de adaptar os obxectivos, contidos e criterios** ó grupo clase, a pequenos grupos ou ó individuo.

A avaliación inicial debería realizarse normalmente como unha **avaliación de acollida** previa ós agrupamentos, pero nunca é así xa que a adscripción de alumnos a grupos faise segundo criterios de orden de matriculación, optatividade, etc. Normalmente realízase **a principios de curso** para establecer os distintos **niveis** de contidos conceptuais, procedimentais ou actitudinais existentes no grupo. Esta avaliación é *necesaria* para atender mínimamente á diversidade de aptitudes existentes no grupo e permite detectar deficiencias graves nalgúns alumnos.

Dado que la evaluación inicial afecta especialmente á fase do proceso programador, parece evidente que a mesma ha de ter lugar antes de iniciar as tarefas educativas,

podendo levarse a cabo cando o alumno se incorpora ó centro ou cuando inicia o ciclo, o curso ou unha unidade didáctica.

Convén ter planificado un tempo ó comezo de cada curso para levar a cabo a avaliación inicial, de maneira que unha vez obtidos os datos mínimos para realizar o diagnóstico das condicións previas se poda pasar ó proceso programador. En todo caso é convinte recoñecer a provisionalidade dos datos, que deberán completarse e corrixirse ó longo de todo o curso. Os instrumentos a utilizar dependerán do ámbito de observación. En relación cos datos a obter, pódense diferenciar, en primeiro lugar, aqueles que podan ser conseguidos polo profesor ou equipo docente e, en segundo lugar, aqueles nos que se necesita a colaboración da familia ou un técnico especialista.

Entre outros, podránse utilizar os seguintes instrumentos e técnicas:

- Análise del proceso escolar seguido polo alumno ata ese momento.
- Escalas de observación e listas de control.
- Probas escritas para determinar os coñecementos básicos previos.
- Cuestionarios.
- Entrevista entre profesores, con pais e con alumnos.
- Inventario de intereses.
- Técnicas sociométricas.
- Informes médicos e/ou psicopedagóxicos.

7.1 PROCEDIMIENTOS DE AVALIACIÓN PARA A E.S.O.

A avaliación será contínua, integradora e diferenciada. Integradora no senso de que a Xunta de Avaliación podrá decidir si un alumno promociona ou non dun curso a outro, ou dun ciclo para outro si cumpre cos obxectivos xerais sinalados para tal curso ou ciclo, aínda que teña algún suspenso. Será tamén unha avaliación diferenciada, tendo en conta que cada alumno é un individuo cunha personalidade diferente.

Pode realizarse unha avaliación inicial ó comezo de cada unidade didáctica, así como ó comezo do curso; dita avaliación non é motivo de calificación, pero é indicativa das capacidades e dificultades dos alumnos.

En canto á avaliación contínua, como o seu nome indica, ten lugar ó longo de todo o curso e basease no grao de consecución, en termos de capacidades, dos obxectivos sinalados para cada unidade didáctica (programación de aula). Lévese a cabo a través dun seguimento do traballo realizado polo alumno en toda a unidade, destacando tanto o esforzo persoal como a creatividade, o traballo responsable e diario, as destrezas adquiridas, a participación activa e a escoita atenta en clase. Ó mesmo tempo, observaránse os resultados dos diferentes tipos de probas, tanto orais como escritas, tanto obxectivas (de elección, de inserción, de transformación, de combinación, etc) como subxectivas (composicións, narracións, diálogos, cartas, etc), incluída a autoavaliación (self-check), sempre en función do criterio do profesor.

7.2 PROCEDIMIENTOS DE AVALIACIÓN PARA BACHARELATO

A avaliación será contínua en bacharelato, ó igual que na E.S.O. A valoración da aprendizaxe dos contidos será maior que na E.S.O., ó tratarse dun ensino post-obrigatorio.

O tipo de probas que se realicen serán similares ás do Ensino Obrigatorio, pero adecuadas ós contidos de Bacharelato, este curso facendo especial fincapé na valoración añadida das probas orais.

Nos niveis de **1º e 2º Bacharelato** a avaliación será fundamentalmente sobre os conceptos, realizándose probas ó trimestre, aínda que obviamente o profesor tamén terá en conta outros aspectos relacionados co esforzo do alumno, que nos niveis da ESO englobaríamos dentro dos apartados de procedementos e actitude, e que se refiren á participación do alumno na clase, a realización de exercicios e tarefas na casa, redaccións entregadas e controis sobre as lecturas graduadas, ademáis do comportamento e a actitude ante a asignatura.

8. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Ademáis da aplicación dos criterios de avaliación establecidos por lei para tódolos cursos, este departamento aplicará a avaliación continua consistente en ter en conta o progreso do alumno ao longo do curso académico ata o seu remate e avaliar a consecución dos obxectivos para ese curso, aínda suspendendo as avaliacións anteriores. Deste xeito o alumno terá permanentemente a posibilidade de superar a materia e se evitará desmotivación polos posibles suspensos durante o curso.

Pola outra banda, xa que os contidos da materia do curso están interrelacionados e non se poden separar, os contidos vistos en avaliacións anteriores serán avaliados nas avaliacións posteriores. Deste xeito, non haberá probas especiais tales como recuperacións, repescas, etc agás aquelas establecidas nas convocatorias oficiais extraordinarias.

Como instrumentos de avaliación se aplicarán exames, probas orais, observación directa ó alumno na aula e o seguimento do seu esforzo e traballo a través da entrega de projects, realización de tarefas e deberes, etc.

A avaliación complementarase cos seguintes aspectos:

Se valorará o progreso do alumno cos seguintes baremos:

- Na ESO os contidos conceptuais e procedimentais serán o 90% da cualificación e o 10 % os contidos actitudinais. Os primeiros estarán desglosados a súa vez nas catro destrezas: Writing 50%. Reading 30%, onde se incluírá tamén a lectura obrigatoria dun libro. Listening 10%. Speaking 10%.
- Nos Programas de PMA incrementaráse a valoración dos contidos actitudinais ata o 20 %, o resto será do 80 %.

Os contidos actitudinais basearánse nos seguintes criterios:

- a) Entrega habitual de deberes e tarefas, e a súa calidade
- b) Participación en traballos e proxectos
- c) Asistencia a clase
- d) Interese e respecto polo traballo na aula
- e) Respeto polos compañeiros e polo profesor

No caderno do profesor se fará constancia destas observacións e o baremo a aplicar será: nulo/escaso, medio, completo.

- No 1º curso de Bacharelato os contidos conceptuais e procedimentais estarán desglosados da seguinte maneira: Writing 50%, Reading 30%, Listening 10% and Speaking 10%.

- No 2º curso de Bacharelato as cualificacións por avaliacións son as seguintes:

Contidos conceptuais e procedimentais desglosados a súa vez nas catro destrezas: Text 80% (segundo os criterios da CIUG), Listening 10 % e Speaking 10 %.

No caso de que un alumno copie nun examen, a nota nesa proba será automaticamente un cero. Tamén a manipulación dos teléfonos móbiles con calquer fin durante a realización de probas e/o exames será considerado acción de copiar e terá a mesma consecuencia, a nota nesa proba será un cero, e aquelas contidas no RRI.

Na convocatoria de setembro para todas as ensinanzas, e nas ordinarias e extraordinarias de pendentes eliminarase a proba oral por falta de tempo.

No *Ámbito de Comunicación da ESA*, debido á obriga de poñer unha única cualificación que implica a tres diferentes materias (Lingua Galega, Castelá e Inglesa), o alumnado terá que acadar unha cualificación mínima de 2 nas materias no superadas incluídas no ámbito, para poder promediar coas materias superadas. O obxectivo é evitar o abandono dalgunha materia dentro do ámbito. Deste xeito, o alumnado que teña menos dun 2 de cualificación en algunha materia, non aprobará o ámbito de comunicación.

No *Módulo de Comunicación e sociedade I, e módulo de Comunicación e sociedade II*, debido á obriga de poñer unha única cualificación que implica a catro diferentes materias (Lingua Galega, Castelá, Inglesa e Ciencias Sociais), o alumnado terá que acadar unha cualificación mínima de 2 nas materias no superadas incluídas no módulo, para poder promediar coas materias superadas. O obxectivo é evitar o abandono dalgunha materia dentro do mesmo. Deste xeito, o alumnado que teña menos dun 2 de cualificación en algunha materia, non aprobará o módulo de comunicación.

9. SISTEMA DE RECUPERACIÓN

Ó tratarse dun idioma, o noso sistema de recuperación é contínuo e progresivo.

MEDIDAS AVALIATIVAS NOS CASOS DE PERDA DO DEREITO DE AVALIACIÓN CONTINUA EN BACHARELATO

Segundo as novas normas contidas no Regulamento de Réxime Interno sobre sancións no caso de faltas de asistencia non xustificadas, se contempla a posibilidade da perda do dereito a avaliación continua. Este departamento aplicará o seguinte sistema avaliatorio:

a) PRIMEIRO DE BACHARELATO

Os alumnos con perda da avaliación continua farán un único exame ó final de curso con tódolos os contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais. A proba consistirá na realización de exercicios que comprendan as catro destrezas do idioma tales coma speaking, listening, reading y writing. Tamén terá contidos relativos a aspectos gramaticais, de léxico e o alumno deberá facer unha redacción en inglés sobre un tema proposto.

No caso de esixir a realización dunha lectura obrigatoria durante o curso, o alumno deberá facer o control e o traballo que o profesor lle indique na data que se acorde.

b) SEGUNDO DE BACHARELATO

Estes alumnos farán tres probas diferentes ó remate do curso. Dúas que consistirán na realización de exercicios de comprensión e expresión oral (speaking e listening). A outra proba seguirá o modelo de exames de selectivo proposto pola CIUG

cun texto con diferentes preguntas a responder e a realización dunha composición escrita.

Hai que ter en conta que nábolos dous cursos de Bacharelato o alumno contará con esta única oportunidade de superar a asignatura agás a convocatoria extraordinaria de setembro. Os alumnos deberán obter unha cualificación de 5 puntos ou máis para aprobar.

10. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación levarase a cabo mediante os seguintes **instrumentos**: análise de tarefas escritas e orais (como poderían ser deberes, fotocopias de exercicios de ampliación e reforzo de gramática e vocabulario, dictados, videos, exercicios de listening, speaking, reading e writing), da observación na clase (mediante o traballo que faga o alumno na súa libreta, no libro e no cuadernillo, co seu dicionario, etc.) e de probas obxectivas (que poden ser de gramática, de vocabulario, do uso da lingua, do libro de lectura, de exames de selectividade no caso de 2º de Bacharelato ou de calquer outro aspecto que o profesor estime oportuno e convinte), que se realizarán periódicamente para comprobar o nivel de adquisición de obxectivos e competencias presentados e traballados na clase e na casa por parte dos alumnos.

11. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA

A lectura é unha das habilidades necesarias que hai que desenvolver á hora de assimilar unha lingua estranxeira. Polo tanto, o profesor debe familiarizarse cos factores que fomenten a lectura nos alumnos así como cos textos máis apropiados para non acadar o contrario do que se persigue. Para conseguir isto, só temos que pararnos a observar o que lles interesa ós adolescentes e aplicalo na aula.

Hai unha serie de factores que potenciarían a lectura nos adolescentes:

- Tema e formato. Os temas favoritos dos alumnos adoitan ser: música, moda, cine, novas tecnoloxías, Internet, videoxogos, deporte, etc. Ademais o formato debe ser atractivo, con imaxes, fotografías, cores, contraste de tamaño de letra, etc.
- Ambiente relaxado na clase.
- Establecer unha serie de etapas na lectura con actividades previas, mentres se lee e posteriores.
- Utilización de distintas técnicas segundo o propósito da lectura. Non é o mesmo ler por pracer que por un propósito didáctico (extensive – intensive reading).
- Extensión e nivel do texto. En xeral non debemos elixir textos moi longos e, por suposto, o nivel debe ser o axeitado para o alumnado, non escollendo textos ou temas moi complicados.
- Tipo de actividades sobre o texto que resulten amenas como: ordenar parágrafos, relacionar textos con fotografías, continuar historias, escribir un correo electrónico ó autor ou invitalo ó colexio, etc.
- Elección de textos que motiven ós adolescentes: letra de cancións, textos en Internet, revistas e periódicos, textos publicitarios, etc.

12. TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

As posibilidades de aplicación das TIC na área de Inglés son innumerables. De feito, a lingua inglesa é o idioma maioritario na rede (o español é o segundo). Internet é un medio óptimo para conseguir material auténtico para utilizar na aula.

Coa aplicación das TIC en Inglés pretendemos acadar os seguintes obxectivos:

- Facer que os alumnos disfruten da aprendizaxe do inglés.
- Reforzar a comprensión e uso da lingua estranxeira, mediante vídeos que presentan o vocabulario aprendido na aula, nun mundo real de fala inglesa (no seu contexto natural).
- Familiarizar ós alumnos co sistema de aprendizaxe online a través da Aula Virtual de inglés.
- Utilizar na aula canles de comunicación, tales como o correo electrónico, para que tanto o profesorado de idiomas como os alumnos e alumnas poidan establecer contacto con persoas doutros países, usando o inglés de forma real y directa.
- Incluir en todas as unidades didácticas o uso da rede como recurso didáctico e práctica interactiva dos contidos que se estén traballando.
- Proporcionar ós alumnos e alumnas os recursos tecnolóxicos necesarios para favorecer a auto-aprendizaxe e a auto-corrección, e así poder dar resposta á heteroxeneidade de niveis que existen nun mesmo grupo.
- Realizar actividades basadas no uso de Internet, que lles proporcionen información auténtica e actualizada, animándoos a utilizar alenguaxe adquirida nun entorno de aprendizaxe real e interactiva.

En conclusión, o tratamento transversal e a integración dos medios e tecnoloxías da información e comunicación ofrécennos un marco ideal para poñer ó noso alumnado en contacto co novo contexto científico e social dende unha perspectiva de contidos diversos.

Nembargantes, como profesorado de Inglés tamén debemos implicarnos no cambio que conleva educar hoxe en día e non debemos limitarnos a integrar sin máis as novas ferramentas como si fosen meras portadoras neutras de información, senón que estamos obrigados a contribuir na formación integral dos nosos xoves mediante unhas intervencións de aula que repercutan nos nosos deseños curriculares e programacións.

13. PLAN DE TRABAJO PARA A RECUPERACIÓN DE PENDENTES.

a. Contidos esixibles

Os contidos mínimos serán sempre os que figuren na programación para o curso que o alumno teña pendente.

b. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes

Os alumnos coa materia pendente teñen unha hora semanal de reforzo para ESO e outra para BAC, na que podrán realizar exercicios adicionais adaptados ós contidos mínimos.

c. Actividades de avaliación

Sendo una materia con contidos progresivos, haberá una avaliación continua dos progresos feitos polo alumno durante o curso en que está matriculado. As actividades de avaliación serán as seguintes:

- Os alumnos deberán facer e entregar as actividades de reforzo semanais.
- Tamén deberán facer e entregar aqueles traballos ou projects que o profesor propoña.
- Dacordo co **enfoque comunicativo** polo que se rixe o ensino da materia de inglés, a avaliación será diaria para os alumnos contando cos medios que o profesor ten á súa disposición.

d. Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continúa.

O alumno poderá superar a materia pendente se aproba calquera das avaliacións do curso no que está matriculado, xa sexa a primeira, a segunda ou a terceira.

De tódolos xeitos, o alumno tamén poderá superar a pendente se, ao final do proceso, durante o curso, o profesor considera que o alumno ten adquiridos os coñecementos do curso pendente, aínda sen aprobar as avaliacións do curso superior.

Finalmente, se ao remate do proceso de avaliación continua, o alumno non supera os contidos da materia pendente, haberá probas finais en maio e setembro como complemento ao plan de traballo.

Haberá que ter en conta que os contidos esixibles serán aqueles contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais contemplados na nosa programación didáctica. Os alumnos do Programa de Diversificación Curricular terán o mesmo regulamento para a superación da pendente.

Aínda o proceso de recuperación será coordinado polo xefe de departamento, o profesor do curso en que o alumno está matriculado será o encargado de facer a avaliación continua.

O alumnado de Bacharelato deberá face-los exames nas convocatorias oficiais de pendentes en tódolos casos.

e. Avaliación pendentes.

Para o suposto de que o alumno non progrese no curso superior contemplamos a posibilidade de realizar un único examen do curso inferior, cuxa data será como mínimo unha semana antes da data de avaliación proposta pola directiva .

f. Actividades de seguimento das materias pendentes no Bacharelato

Ó igual que cos alumnos de ESO, cos que realizamos unha serie de actividades adicionais proporcionadas polo profesor, adaptadas ós contidos mínimos do curso pendente, e con seguimento semanal; os alumnos de bacharelato realizan as actividades do workbook do curso pendente, material co que xa contan, sempre adaptadas ós contidos mínimos esixibles para ese nivel.

14. METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Para que se dé unha aprendizaxe significativo deben cumprirse unha serie de condicións. Unha delas é que o alumno teña unha actitude favorable cara á aprendizaxe, e dicir, que esté motivado.

Neste enfoque, cada elemento a considerar (vocabulario, gramática, funcións, destrezas lingüísticas, etc) mantén a súa importancia fronte ós demais, pois todos eles contribúen a que os alumnos adquiren unhas capacidades determinadas.

Cada unidade didáctica mantén unha organización coherente, que integra tódolos elementos que farán posible a consecución dos obxectivos marcados para a mesma. Procuramos seleccionar libros que conteñan temas de interese para os alumnos, partindo da súa realidade contemplada dende unha perspectiva ampla, por exemplo o tempo libre, o mundo da ciencia e tecnoloxía, a nosa sociedade, etc.

14.1 METODOLOXÍA DIDÁCTICA NO BACHARELATO (incidindo no impulso da autonomía persoal)

A utilización sistemática de estratexias de autonomía é a finalidade a longo prazo que se busca na aprendizaxe de calquera materia educativa. Con todo, cada materia require o seu proceso e uns procedementos propios, que irán desde os máis básicos ata os máis complexos.

As estratexias son elementos cruciais para a aprendizaxe e é necesario utilizalas constantemente ata chegar á súa total automatización sen necesidade de reflexión. Por iso, en Bacharelato primeiro identificamos as necesidades da aprendizaxe e despois, en consonancia con elas, seleccionamos as actividades, os materiais e os modos de traballo apropiados para alcanzar o obxectivo específico marcado.

As estratexias de aprendizaxe tamén van encamiñadas a mellorar o desenvolvemento dos procesos mentais necesarios para realizar as actividades. Estas son as que desenvolvemos en cada destreza comunicativa:

Reading (comprensión escrita): lectura da primeira frase de cada parágrafo para indagar a idea central do texto; dedución do significado das palabras e expresións polo contexto; predición do contido do texto a partir do título e das ilustracións; inferencia de información e dedución das palabras ás que se refiren os pronomes; procura de información específica (*scanning*); identificación da finalidade do autor, e inferencia de significados non explícitos (ler entre liñas).

Listening (comprensión oral): comprensión de enunciados; atención selectiva; identificación de información específica con axuda de preguntas guiadas; anticipación de contidos; inferencia de significados; toma de notas; seguimento de instrucións; identificación do tema principal; secuenciación de información; recoñecemento da pronunciación; distinción de diferentes matices de significado segundo o ritmo e a entoación; audición comprensiva de mensaxes emitidas por falantes con distintos acentos, etc.

Speaking (producción oral): estratexias de elaboración que facilitan a interacción na aula (como organizar as ideas antes de falar e basear a exposición oral nun guión que dea mostras de claridade e de estrutura lóxica); estratexias de compensación, clarificación e comprobación; estratexias para a práctica como a repetición, a imitación, a aplicación de regras, etc.; estratexias de autocorrección como a identificación de problemas e a súa solución, buscando sempre mellorar a pronunciación, o ritmo e a entoación nas producións orais

Writing (expresión escrita): á marxe das estratexias practicadas, inclúense as de transferencia, elaboración e autocorrección; o desenvolvemento da imaxinación, a creatividade e a procura da información nos lugares onde se atope. O estudante deberá atender tanto ao proceso de escritura coma ao produto, tendo en conta as características propias do tipo de texto, utilizando o rexistro idóneo, os marcadores do discurso e os signos de puntuación adecuados, ordenando frases e parágrafos en textos coherentes mediante conxuncións e conectores e respectando á vez a estrutura dos mesmos, etc.

A autonomía e espírito emprendedor é a competencia para tomar decisións e asumir as responsabilidades de xeito autónomo co fin de promover cambios e de aceptalos e apoialos.

Para manexarse correctamente nunha lingua estranxeira é necesario saberse enfrontar a situacións novas con autonomía, eficacia, confianza en si mesmo e creatividade, e require necesariamente unha aprendizaxe, ademais de ter un bo coñecemento de si mesmo, das oportunidades existentes e das metodoloxías máis eficaces para conseguilo.

Ao coñecemento e á metodoloxía debemos engadir a disposición para mostrar iniciativas propias, a actitude positiva cara ao cambio e á innovación, a motivación e a confianza na capacidade dun mesmo de lograr o éxito, a actitude permanente por aprender, a adaptabilidade e a flexibilidade suficiente para modificar formulacións, ou o sentido da responsabilidade para dar continuidade aos proxectos.

14.2 METODOLOXÍA DIDÁCTICA NA FP BÁSICA

A metodoloxía nos ciclos formativos de formación profesional básica aterase ao establecido para o resto da formación profesional do sistema educativo de Galicia e, en particular:

1. Terá carácter globalizador e tenderá á integración de competencias e contidos entre os módulos profesionais que se inclúen en cada título. O devandito carácter integrador orientará a programación de cada módulo e a actividade docente.
2. Adaptarase ás necesidades dos alumnos e as alumnas e á adquisición progresiva das competencias da aprendizaxe permanente, para facilitar a súa transición cara á vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo.

15.- TEMAS TRANSVERSAIS

Os temas transversais constituíronse como base para o desenvolvemento das unidades. Éstos son:

- A educación moral e cívica.
- A educación do consumidor.
- A educación vial.
- A educación para a paz.
- A educación para a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
- A educación para a saúde e a educación sexual.
- A educación ambiental.
- A educación sobre Europa.

Na programación de aula, concretamente en cada unidade didáctica, inclúense todos os contidos transversais específicos para cada unha.

16- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Por unha banda, as *Actividades Complementarias* son aquelas actividades organizadas polo Centro a través dos diferentes Departamentos, que canalizan un ou varios profesores e que se consideran necesarias para el desenvolvemento dunha área ou materia. Realízanse fora da aula con ou sin pequenos desprazamentos do alumnado e do profesorado correspondente.

Dependendo da situación económica, ben do Centro ou dos alumnos, temos pensado solicitar a actuación dun contacontos en inglés, como noutras ocasións, para por en práctica a destreza básica do “listening” e mesmo do “speaking”, xa que se trata dunha actividade interactiva na que os agrupamentos son por idades.

Por outra banda, as *Actividades Extraescolares* son aquelas que no se consideran imprescindibles para a formación mínima que han de recibir os alumnos pero que permiten completala. Na asignatura de Inglés, estas actividades fomentan aspectos culturais, sociais e artísticos. As actividades extraescolares teñen carácter voluntario. Non forman parte do proceso de avaliación e non poden ser motivo de discriminación algunha para ningún membro da comunidade educativa.

Tamén si fose posible, o alumnado asistiría a unha obra de teatro en inglés.

Non obstante, a información das actividades teatrais vai chegando ó longo do curso, non podendo precisar datas nin obras ó comezo do mesmo, que é cando se nos esixe a programación.

17.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Un rasgo característico e esencial da atención á diversidade é a atención ós diferentes tipos de alumnos que integran unha clase. Dita atención é practicamente imposible nunha clase, donde se procura adaptar o nivel á meirande parte dos alumnos. Detectamos a existencia de algúns casos bastante preocupantes, e temos suxerido á necesidade dun profesor de apoio. Mentras tanto utilizamos algúns recursos para ás actividades de reforzo, por exemplo, facendo os exercicios do workbook, que algúns alumnos practicamente non necesitan, pero que realizan todos para que ninguén se sinta infravalorado. Ademáis, na ESO, existen dous niveis de exercicios, esixíndolles a todos o nivel máis baixo, e os voluntarios poden atreverse co nivel máis alto; non ferindo, deste modo, a susceptibilidade de ningún alumno.

En canto a Bacharelato temos en conta a diversidade existente nas aulas en canto ao nivel de coñecementos e ao grao de facilidade para a aprendizaxe que teñen os alumnos/as. Nesta difícil tarefa, proporcionánlle abundante axuda ao profesorado as actividades do *Student's Book* e do *Workbook*, as valiosas suxestións no *Teacher's Manual* e o material extra fotocopiábel.

Como punto de partida tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

- A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un. Consideramos este aspecto tanto na investigación inicial coma en todo o desenvolvemento do curso, segundo se manifesta nas actividades do *Student's Book* e no *Workbook* ao incluír un repaso continuo de estruturas e de vocabulario. Ambos os dous ofrecen tarefas con diferentes niveis de dificultade para poder integrar aos distintos tipos de alumnos/as. Por outra banda, o *Teacher's Manual* inclúe amplas oportunidades de reforzo para os alumnos/as con capacidades menos desenvolvidas e á vez, material de ampliación para os de nivel máis avanzado. Con este conxunto de material fotocopiábel ao seu alcance, o profesorado pode elixir e adecuar as tarefas ao nivel concreto de cada alumno/a.

▪ A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese ata ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven.

Nos temos en conta tanto este factor coma as diferenzas no ambiente sociocultural do que proceden os alumnos/as, xa que todo iso inflúe notabelmente no nivel das súas motivacións individuais e tamén na forma máis lóxica e funcional de presentarles os contidos. Para seleccionar os temas realizamos unha ampla investigación, abarcando o punto de vista do profesor/a, a través de cuestionarios, pero tamén o propio punto de vista dos alumnos/as, para adaptalos ás súas idades, experiencias e contorno. Seleccionáronse temas que fan posíbel a implicación emocional dos alumnos/as, dado o noso convencemento de que cando se apela ao que directamente lles afecta e lles interesa, a resposta ante o estímulo está asegurada.

▪ Os estilos de aprendizaxe

Ao longo dos últimos anos leváronse a cabo toda clase de análises sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma. Como é ben sabido, o alumno/a pode ser reflexivo ou impulsivo cando se enfronta ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas inclúense táboas e exercicios para aprender e repasar a gramática punto por punto, e tamén unha ampla repetición e práctica en distintas situacións para aqueles alumnos/as que non usen tanto o estilo analítico cando aprenden.

Pensando nos diferentes estilos e niveis de desenvolvemento das capacidades de aprendizaxe utilizamos varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuenciación de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade

fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

Non obstante, no *Teacher's Manual* sinálanse o tipo de estratexia que desenvolve cada actividade e o procedemento a seguir para sacarlle o máximo rendemento. Ademais, no *Workbook* contamos con diversos tipos de reforzo individualizado: táboas, encrucillados e exercicios para os alumnos/as máis analíticos, e moita e variada práctica para os máis impulsivos.

▪ Os intereses dos alumnos/as

Está comprobado que os intereses dos alumnos/as vanse diversificando a medida que van madurando. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso escollemos libros que inclúan unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría.

Ademais, lévase a cabo unha coidadosa selección de funcións co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter conversacións informais entre a mocidade, escribir correos electrónicos, entender a xente da súa idade doutros países, etc.

Para rematar, consideramos importante de cara ao profesorado, non só que poida recoñecer o tipo de diversidade que ten nunha determinada clase, senón tamén que a poida prever. A este respecto, contamos nos *Teacher's Manuals* coas suxestións que nos permitirán establecer os diferentes graos de coñecemento e de autonomía dos seus alumnos/as e os diversos xeitos en que lles podemos presentar os contidos.

18.- CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Teranse en conta as enquisas feitas ós alumnos ó longo do curso.

Teranse tamén en conta as análises feitas nas reunións de seminario sobre o desenrolo da programación, resultados obtidos nos distintos cursos e a adecuación da temporalidade dos contidos.

O finalizar o curso, nunha reunión de departamento, analizaremos os resultados e discutiremos os posibles cambios na programación cara o curso seguinte.

19.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Este departamento participará activamente en todas aquelas actividades propostas no Plan de Convivencia, facendo especial atención á promoción de actividades para a igualdade entre mulleres e homes e a prevención de violencia de xénero.

Ademais levará a cabo as seguintes accións:

- Suxestión e promoción de novas actividades que melloren o clima de convivencia
- Desenvolvemento a través dos temas transversais
- Fomento do traballo en grupo e da interdisciplinariedade
- Participación nas datas de conmemoracións
- Fomento da lingua estranxeira como elemento comunicador entre diferentes culturas
- Acollida e integración do alumnado inmigrante
- Acollida do novo profesorado
- Realización de actividades multiculturales
- Apoio e participación nos equipos de mediación do centro

20.- CONSTANCIA DE INFORMACION AO ALUMNADO

Tódolos alumnos serán informados dos contidos da asignatura, os contidos mínimos, os criterios de avaliación e os de cualificación ao principio de curso. O profesor facilitará a información tanto oralmente na clase como fisicamente na páxina web do instituto. A xefatura de estudos terá constancia da data na que se facilite a información en cada aula.

Ribeira, a 6 de novembro do 2016

A Xefa do Departamento

Asdo.: